

LIMIAR

Introduction

Velaquí está o Vol. 2 de *CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que publica traballos académicos redactados en galego dos investigadores máis novos no ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo. Non obstante, as súas páxinas están abertas igualmente ós estudos lingüísticos e literarios doutras linguas, en especial ós estudos lusófonos, sempre que resulten de interese para o galego.

Este segundo volume de *CUMIEIRA* presenta seis estudos que abordan temas tanto de lingua coma de literatura. As disciplinas ás que os podemos adscribir van dende a lingüística de corpus ata a sociolingüística, pasando pola onomástica e o estudo do léxico, e xa na literatura, dende o estudo da lírica medieval ata o das vanguardas de principios do século XX.

O caderno ábrese co traballo de Susana Brandariz Moure que describe o procedemento de deseño e construcción dun corpus inglés-galego lematizado e desambiguado semanticamente, que deu como resultado o corpus SensoGal. Pola súa parte, Darío Álvarez Moure achégase ao movemento das vanguardas en Galicia e, particularmente, rastrexo o impacto do futurismo no sistema literario galego en autores como Vicente Risco e, tanxencialmente, noutros como Amado Carballo, Euxenio Montes e Álvaro Cunqueiro. No eido literario tamén se sitúa a análise que realiza Estefanía González Álvarez sobre a concepción do amor cortés na cantiga de amor medieval galego-portuguesa, especialmente cando ese amor pola muller ideal chega a se converter nunha obsesión do trobador. Pola súa parte, a sociolingüística é o ámbito de estudio do traballo de Nuria Díaz Guedella; nel, partindo de datos de dous centros de ensino da cidade de Ourense, examínase como a incorporación ao sistema educativo pode influír na lingua do alumnado de Educación Infantil. Sigueelle a investigación sobre onomástica de Icía Moreiras Villamarín, onde se analiza o nome propio latino *Caecilia* e os seus descendentes en galego, tanto as formas patrimoniais *Icía*, *Cecília* e *Cilla* coma a culta *Cecilia*. Este volume de *CUMIEIRA* péchase co estudo de Andrea Castelo Veiga sobre o léxico do galego do Bierzo contido na obra de Fernández Morales *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), da cal extracta un breve glosario que facilita a súa lectura.

Cumieira 2. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Neste vol. 2 de *CUMIEIRA* fixeron parte da Comisión de revisión científica Anxo Angueira, Bieito Arias, Xavier G. Guinovart, Ana Iglesias, Gonzalo Navaza e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Antón Palacio a corrección do volume e a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

O Vol. 1 (2016) de *CUMIEIRA* está recollido na base de datos Dialnet¹ da Universidad de la Rioja, no *Catálogo Italiano dei Periodici* (ACNP), da Università di Bologna², e na bibliografía anual de lingüística *Linguistic Bibliography* de BRILL³, tamén en liña⁴, que publica o Permanent International Committee of Linguists baixo os auspicios do International Council of Philosophy and Humanistic Studies da UNESCO.

Como novidade, no final deste volume recóllense unhas breves biografías das autoras e autores participantes e mais as *Normas* para o envío de orixinais.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo

¹ <<https://dialnet.unirioja.es/revistas>>.

² <<http://acnp.unibo.it/cgi-ser/start/it/cnr/fp.html>>.

³ <<http://www.brill.com/publications/linguistic-bibliography>>.

⁴ <<http://bibliographies.brillonline.com/browse/linguistic-bibliography>>.